



## ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLE/2017/13	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	26 de xaneiro de 2018
<b>Duración</b>	Desde as 20:04 ata as 22:42 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
<b>Secretario</b>	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
35302226D	ALBA CORDEIRO MAGDALENO	SÍ
78732036T	ALFREDO IGLESIAS SANTOS	SÍ
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
36042960M	DOLORES GALLEGO SANTOS	SÍ
52494246N	FRANCISCO SOLIÑO SOLIÑO	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
35300902L	JESUS MANUEL GRAÑA GRAÑA	SÍ
35285485N	JOSE É SOTELO VILLAR	SÍ
36102469J	JOSÉ LUIS GESTIDO PORTO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78735128X	MARIA DOLORES HERMELO PIÑEIRO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ



**Concello de Cangas**

76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734493L	PÍO MILLÁN BLANCO	SÍ
78735144A	RAFAEL SOLIÑO COSTAS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	SÍ
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**Aprobación da acta da sesión anterior**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

O Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a acta da sesión anterior realizada o 22 de decembro de 2017.

**Expediente 180/2017. C-17/03 Proposta de adxudicación do contrato mixto de subministro e servizo de xestión integral da iluminación exterior do Concello de Cangas.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 11, En contra: 8,  
Abstencións: 2, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 18.01.2018, relativa a adxudicación do contrato mixto de subministro e servizo de xestión integral da iluminación exterior do Concello de Cangas, que é como segue:

*“Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato mixto de subministro e servizo de xestión integral da iluminación exterior do Concello de Cangas.*

*Visto que iniciada a licitación e previa convocatoria, a Mesa de Contratación como órgano*

**Concello de Cangas**



competente para a valoración das ofertas, logo das súas reunións mantidas os días 30.10.2017, 15.12.2017 e 22.12.2017 cuxo contido consta no expediente nas oportunas actas redactas ao efecto, realizou proposta de adxudicación a favor da mercantil FERROVIAL SERVIZOS S.A. con CIF nº A80241789 por resultar esta a oferta economicamente máis vantaxosa.

Visto que unha vez requirida, esta empresa achegou en tempo e forma (registro nº 2018-E-RC-417 do 12 de xaneiro) a documentación xustificativa á que fan referencia os artigos 146.1 e 151.2 do TRLCSP e que así mesmo constituíu garantía definitiva en forma de aval bancario por importe de 233.576,24 € –douscentos trinta e tres mil cincocentos setenta e seis euros con vinte e catro céntimos- (Avalista: Banco Santander\_Aval nº: 0049-1500-042111091952\_data: 5.01.2018).

Por todo o que antecede, en uso das atribucións que a lexislación vixente me confire, propono ao Pleno do Concello a adopción do seguinte,

### ACORDO

Primeiro.- Adxudicar á empresa FERROVIAL SERVIZOS S.A. con CIF nº A80241789 o contrato mixto de subministro e servizo de xestión integral da iluminación exterior do Concello de Cangas" coas condicións descritas no seu proxecto técnico e a súa oferta económica que é a seguinte:

Prestación P1 (Xestión enerxética): 464.417,82 € + 97.527,74 € (IVE) = 561.945,56 €  
Prestación P2 (Mantemento): .....84.707,19 € + 17.788,51 € (IVE) = 102.495,70 €  
Prestación P3 (Garantía total): .....28.234,80 € + 5.929,31 (IVE) = 34.164,11 €  
Prestación P4 (Outras obras de mellora): .....6.580,80 € + 1.381,97 (IVE) = 7.962,77 €  
Importe anual do contrato (P1+P2+P3+P4): 583.940,61 € + 122.627,53 € = 706.568,14 €  
Prazo de execución da obras: 4 meses e 3 semanas  
Porcentaxe global de baixa sobre os prezos unitarios do anexo 7 do PPT: 20%  
Porcentaxe de baixa global sobre a fórmula: 3%

Segundo.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación 165/22100 do vixente orzamento municipal en tanto non entre en vigor o novo orzamento actualmente en tramitación no que será con cargo á aplicación 165/22799.

Terceiro.- Notificar nos termos previstos no artigo 151.4 do TRLCSP, a adxudicación aos licitadores que non resultaran adxudicatarios. Simultaneamente publicar anuncio da adxudicación no perfil de contratante.

Cuarto.- Publicar a adxudicación do contrato no Diario Oficial da Unión Europea no prazo de corenta e oito días a contar desde la data de formalización do contrato.

Quinto.- Notificar este acordo a FERROVIAL SERVIZOS S.A. e citar ao seu representante para a sinatura do mesmo do contrato.

Sexto.- Publicar a formalización do contrato no Perfil de contratante, e no Boletín Oficial da Provincia no prazo de corenta e oito días a contar desde a data deste acordo.

Sétimo.- Comunicar os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do TRLCSP.



*Oitavo.- Remitir ao Consello de Contas unha copia certificada do documento no que se formalice o contrato, acompañada dun extracto do expediente en que se derive, dentro dos tres meses seguintes á formalización do contrato.*

*Noveno.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Intervención e Apoio Xurídico."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sra. Giráldez Santos:** explica o contido da proposta, facendo referencia ao procedemento de licitación tramitado, indicando que a valoración da oferta técnica foi realizada polo Servizo de Asistencia Intermunicipal (SAIM) da Deputación provincial.

#### Incidencias:

Cando son as 20:06 horas incorpórase ao Salón de Sesiós o concelleiro Sr. Graña Graña.

**Sr.. Millán Blanco:** sinala que xa no pleno de setembro se falou de que a prestación deste servizo podía xestionarse de outra forma. Cre que esta alternariva vai ser máis custosa que outras e así se sinala no informe de intervención que fala dun endebedamento encuberto, xa que se vai pagar un tipo de interese superior ao que se debería. Cre que estamos ante a opción máis gravosa para o concello e a vai aprobar un goberno que demoniza as privatizacións. No orzamento presupostado no 2017 figuraban 430.000 € para iluminación e agora vaise pagar a esta empresa máis de 706.000 €, polo que o incremento do gasto é claro e iso sen ter en conta a posible revisión de prezos. Engade que o concello vaise atopar con que cando finalice o contrato terá que afrontar o custo de renovar a iluminación xa que a vida dos LED está en 10 anos. Pregunta si, dado que no PCAP se vai impoñer á adxudicataria unha consultora para que leve a dirección de obra, xa se nomeou a tal empresa.

**Sr. Alcalde:** di que a intervención do Sr. Millán Blanco foi moi coherente ao tratarse dun partido que como equipo de goberno privatizou os servizos de recollida de lixo e a abastecemento e seneamento de auga.

**Sr. Iglesias Santos:** di que non acaba de ver este expediente de contratación, porque é evidente o incremento do gasto que supón para o concello, así coma o endebedamento que se está a asumir, polo que non pode votar a favor. Vaise abster.

**Sr. Gestido Porto:** considera que o sistema que se elixiu para a contratación desta empresa non é o mellor, habería opcións máis beneficiosas para o Concello. lamenta non ter sido informado sobre outras posibles alterantivas.

Non entende que o actual equipo de goberno defenda a privatización sen buscar outras vías. Non entende que non se inclúa no expediente a iluminación dos edificios públicos.

**Sr. Abalo Costa:** di que o obxecto deste punto sería falar sobre as ofertas presentadas e non reabrir un debate que se tratou nun pleno anterior. Lembra que as istalacións no termo municipal son lamentables sen que os gobernos anteriores fixesen nada ao respecto. Cre que este sistema non é o ideal, pero si é o que vai permitir cambiar toda a iluminación de todo Cangas.

**Sra. Giráldez Santos:**explica que as opcións son a concesión a unha empresa con garantía total das luminarias ou acurdir ao endebedamento cunha entidade bancaria. Sinala que o 35% da



iluminación de Cangas é mercurio, algo prohibido desde fai dous anos e que non hai posibilidade de repoñer. O resto das bombillas son de vapor de sodio a maioría nun moi mal estado. O equipo municipal fai o que pode para abarcar as 6.000 luminarias do concello, tendidos obsoletos e cadros obsoletos. Indica que Cangas foi o único concello que non tivo impugnación dos pregos o cal pon de manifesto que foron moi traballados.

Indica que ademais da eliminación da contaminación lumínica a adxudicataria ten que cumprir coa garantía total do material suministrado. Cre que todos teñen a culpa da situación actual da iluminación e con este expediente se vai conseguir cambiar a iluminación de todo o concello e todos os veciños van ter a mesma iluminación.

**Sr. Millán Blanco:** di que o Sr. Alcalde debería lembrarse de quen privatizou a auga, porque estaba el no goberno. Quere que se preste o servizo ao menor custo posible, a opción elixida polo goberno é moi custosa fronte a outras opcións, tal e como o indica o informe de intervención. Lembra que o goberno anterior non puido facer máis en materia de iluminación polos límites económicos aos que estaba sometido o Concello. Pregunta porque non foron á opción da operación de crédito, xa que o interese sería máis baixo que o custo que terá Ferrovial.

**Sr. Iglesias Santos:** di que cuestiona ás consultoras que elaboran pregos debido á forma en que determinan os prezos. Non dubida da necesidade de renovar a iluminación pública, pero cre que se está empezando a casa polo tellado. Lembra que hai axudas da UE en materia de enerxías renovables que se debería tramitar. Indica que se vai abster.

**Sr. Gestido Porto:** sinala que non dubida da necesidade do cambio de iluminación, pero si da fórmula que se utiliza para a súa tramitación.

**Sr. Alcalde:** considera que a oposición non leu os pregos, se ben entende que son complexos.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN).

**Votos en contra:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

**Abstencións:** 2 (1 do concelleiro do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 7855/2017. Moción do equipo de goberno de apoio á ACICA en relación ao proxecto Porto Cabral.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do equipo de goberno do día 08.01.2018, relativa ao apoio á ACICA en relación ao proxecto Porto Cabral. que é como segue:

*“Os comerciantes e industriais do Morrazo, preocupados polo futuro do comercio local e de proximidade das nosas vilas, unímonos á Plataforma Polo Comercio Local - NON A PORTO*



*CABRAL. Un proxecto que pretende implantar en Vigo un dos maiores centros comerciais de Europa, promovido por Eurofund Investments, un fondo de investimento radicado en Luxemburgo, coñecido paraíso fiscal, e que repercutirá moi negativamente no comercio local de toda a zona, nas formas de consumo e socialización dos nosos concellos e barrios, e no modelo de cidade sustentable que desexamos.*

*Este grupo investidor está a utilizar informacións de dubidosa credibilidade, nas que promete miles de empregos, millóns en investimentos e un teórico empuxe económico para Vigo e a súa área de influencia. Informacións tras as cales se esconde un modelo de negocio e de cidades moi distante do que todos queremos. Somos unha gran maioría deste sector (80% nestes momentos), e doutros indirectamente afectados, os que nos unimos nesta plataforma e manifestámonos en contra deste proxecto polos seguintes motivos:*

*- Non é certo que Porto Cabral vaia a crear emprego. Ao contrario. Son moitos os estudos sobre a incidencia de grandes áreas comerciais que demostran que a apertura deste tipo de complexos implica o peche de numerosos establecementos do comercio local. As estatísticas indican que por cada 2 empregos que se crean en centros comerciais, destrúense 3 no comercio local, polo que a posta en marcha de Porto Cabral destruíría miles de empregos en toda a zona (entre 5.500 e 6.000). Como exemplo máis próximo, o caso da Coruña: Na última década, un total de 4.000 pequenos establecementos pecharon na Coruña, destruíndo 6.000 postos de traballo, mentres aterraban na cidade centros como Marineda City ou Dolce Vita (este último pechado xa).*

*- Ademais, os seus teóricos visitantes non se achegarán ao pequeno comercio, xa que alí terían todo o necesario para pasar un día completo (ocio, restauración, etc.). Polo tanto, os beneficios deste gran centro apenas repercutirán na súa contorna. Solo un mínimo porcentaxe deses cartos regresarían a Vigo e a súa área, mentres que dos beneficios do comercio local, un 50% retorna á economía da súa zona.*

*- Trasladar e concentrar novas opcións de lecer e comercio fóra do centro urbano implica que a vida das vilas, dos nosos barrios, e tamén dos nosos municipios limítrofes verase moi afectada. Así, converteranse aos poucos, en cidades baleiras e pantasma, desertizando a maioría dos seus barrios e zonas de lecer. Isto porá en perigo a seguridade da veciñanza e fará máis perigosa a vida nas nosas vilas, nos seus barrios e nos concellos veciños.*

*- Afectará negativamente á sustentabilidade ambiental nas cidades e a súa área, xa que aumentará a dependencia do vehículo privado e, con iso, provocará un maior nivel de contaminación. Afastándonos así do obxectivo da redución progresiva de CO2 e do modelo de "Cidades de distancias curtas" no que vaíamos cara a un modelo onde se priorice a redución do tráfico motorizado.*

*- Esta nova área comercial destruírá 1,5 millóns de m2 de monte (300.000 metros cadrados serán de área comercial e de lecer) da coroa verde que rodea o concello de Vigo. Actuación que vai en contra do aproveitamento sustentable do monte e do seu valor natural.*

*- O proxecto tamén terá un impacto negativo na vida cultural, de lecer e de convivencia nas cidades e nos concellos da área. E en paralelo, provocará unha uniformidade do mercado entre a poboación, desarraigamento do propio, desculturización e unha progresiva perda de identidade coa súa contorna, facendo unha sociedade máis fráxil e vulnerable.*

*- Sobre as garantías de futuro, este tipo de negocios igual que chegan, vanse. As súas marxes de beneficios e perdas son moitos máis estreitos, e en canto as contas non saen, pechan e buscan*



## Concello de Cangas

*novas oportunidades noutras zonas. Todo o contrario que o comercio local, que está totalmente involucrado no tecido social e económico da súa contorna, porque é o seu.*

*Por todo o anteriormente exposto, propónse ao Pleno do Concello de Cangas, a adopción dos seguintes ACORDOS:*

*1º - O apoio da corporación do Concello de Cangas ao presente manifesto.*

*2º - Trasladar petición ao Parlamento de Galicia para o rexeitamento da Iniciativa Lexislativa Popular que procura a aprobación do proxecto, ao consideralo moi prexudicial para o tecido socioeconómico da vila e do Morrazo.*

*3º - Instar á Xunta de Galicia a aprobar unha moratoria de dez anos na concesión de licenzas para grandes áreas comerciais.*

*4º - Instar á Xunta de Galicia a desenvolver un plan sectorial de equipamentos comerciais en Galicia, co fin de ordenar a oferta comercial e promover a defensa do comercio de proximidade.*

*5º - Trasladar á Presidencia da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do parlamento galego, os acordos anteriormente expostos e o rexeitamento do Concello de Cangas ao proxecto de Porto Cabral e a política de grandes superficies, dado o impacto negativo que suporía sobre o tecido comercial da Vila."*

### DELIBERACIÓNS:

#### Incidencias:

Cando son as 20:32 horas fáise un recesso para que interveña a plataforma de afectados, retomándose a sesión cando son as 20:35 horas.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** di que bota en falta que no punto 3º se inste ao Concello de Vigo e que no último punto tamén se faga referencia ao Concello, xa que é o competente para outorgar a licenza para este proxecto. Di que votarán a favor.

**Sra. Giráldez Santos:** di que se alegra que o PP apoie a moción, xa que non o fixo no Parlamento autonómico.

**Sr. Alcalde:** indica que non hai problema en incluír ao concello de Vigo aínda que agora mesmo o Concello non ten nada que dicir ao respecto.

**Sra. Vizoso Marcos:** di que están en contra desta política de grandes superficies que defende a Xunta. Felicita a ACICA pola súa iniciativa. Cre que con este tipo de centros comerciais se destrúe a vida dos pobos, a relación entre comerciante e cliente e se causa un prexuízo ao medio ambiente. Considera que non procede a referencia ao Concello de Vigo e que é importante o apoio unánime.

**Sr. Iglesias Santos:** di que fai uns 33 anos formouse unha cooperativa de consumo que supuxo un movemento nas parroquias respecto a este tipo de comercios. Cre que esta moción é tratar de poñerlle portas ao campo, porque non é posible evitar que a xente vaia aos centros comerciais. Considera que estamos ante unha cuestión educativa. Opoñerse a este tipo de iniciativas pode ser un arma de dobre fio.

---

## Concello de Cangas



Concello de Cangas

**Sr. Gestido Porto:** di que apoiarán a moción.

**Sr. Abalo Costa:** cre que hai que respectar o texto presentado por ACICA e mantelo como está.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** di que a licenza de actividade si vai depender do Concello de Vigo, pero aceptan manter a proposta tal e como foi presentada.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

### **Expediente 252/2018. Moción do grupo PP de 28.12.2017 para que se iluminen os novos carrís da ponte de Rande**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 11,

Abstencións: 1, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 26.12.2017, relativa á iluminación dos novos carrís da ponte de Rande, que é como segue:

*“Nos últimos meses a Ponte de Rande co obxectivo de ter listos os novos carrís antes de principios de 2018 para poder aplicar o convenio asinado no ano 2011 entre AUDASA e o Ministerio de Fomento, viviu unha intensa actividade mesmo traballando pola noite. O certo é que a día de hoxe a sinalización horizontal e vertical está colocada e mesmo a iluminación orixinal xa oxidada foi substituída por unha nova tanto nos báculos como nas luminarias que agora son de leds.*

*Pero o mais sorprendente é que nas entradas os novos carrís foron colocadas farolas novas pero a chegar a Ponte de Rande estes novos carrís carecen de iluminación, e dicir que si se pretende que eses novos carrís sexan utilizados maioritariamente polos veciños do Morrazo, temos que cruzar a Ponte a escuras, o cal ao noso entender é perigoso.*

*Por todo iso proponemos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*O Pleno do Concello de Cangas insta ao M. de Fomento a que esixa a concesionaria da AP-9 (Audasa) a que coloque iluminación nos novos carrís .”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sra. Hermelo Piñeiro:** expón o contido da moción e suliña a proposta de acordo. Considera que a iluminación actual non é tan segura coma os báculos.

**Sr. Alcalde.** Di que o novo carril da ponte de Rande está iluminado, non protestaron os membros do PP cando Audasa pretendía meter todo o tráfico do morrazo polo novo carril, nin protestaron cando se fixeron as probas de carga un día in extremis para que se puidese subir a peaxe. O problema dos novos carrís non é a iluminación. Votarán en contra. Lembra que se inaugurou a

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850





obra estando inacabada e que só tiña por obxecto subir a peaxe.

**Sr. Iglesias Santos:** di que non cre lesivo para os usuarios da autoestrada que se inste á concesionaria a que ilumine debidamente os carrís.

**Sr. Gestido Porto:** cre que a iluminación non é a idónea, pero está homologada e é lexítima, polo que cre que a moción está fóra de lugar. Hai outras carencias que si habería que demandar nunha moción conxunta.

**Sr. Hermelo Álvarez:** considera que a moción é un mero lavado de cara, é unha obra que non debería ter sido inaugurada. Lembra que se vai volver a pechar a ponte para a pavimentación dos antigos carrís. Votarán en contra.

**Sr. Abalo Costa:** cre que a obra de Rande é unha estafa para o erario público. Non entende a moción do PP e considera que o PP de Cangas non se leva co PP autonómico ou estatal.

**Sra. Hermelo Piñeiro:** cre que hai que arranxar todas as deficiencias da obra, non está de acordo en que se inaugurara unha obra inacabada. A moción pon de manifesto unha deficiencia máis que se debe subsanar, o cal non impide que se fagan máis demandas relativa á obra, e é posible que presenten outras mocións no vindeiro pleno.

**Sr. Alcalde:** cre que avalar unha deficiencia que non é tal, é como avalar unha obra que non foi rematada debidamente. Considera ademais que a moción non está debidamente redactada, porque pide que se iluminen uns carrís que xa están iluminados. Sinala que a ponte vai ser outra vez pechado para asfaltar os carrís vellos unha vez que subiron a peaxe, o cal é unha estafa.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 do PsdeG-PSOE ).

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

**Abstencións:** 1 do concelleiro de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

#### **Expediente 253/2018. Moción do grupo PP de 05.01.2018 para o soterramento da liña eléctrica que transcorre pola fronte da Casa Reitoral do Hío.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, presentada o día 05.01.2018, relativa ao soterramento da liña eléctrica que transcorre pola fronte da Casa Reitoral do Hío, que é como segue:

*"Seguramente unha das fotos mais repetidas do noso Concello é a do conxunto arquitectónico que configuran a Igrexa de San Andrés do Hío (Igrexa románica de finais do S. XII) co Cruceiro*



*mais universal de Galicia (Mestre Cerviño 1872) e a Casa Reitoral (Xa existen referencias dela no 1581).*

*En distintas ocasións por parte de colectivos veciñais da parroquia e tamén desde o Concello, mostrouse o malestar tanto diante de Unión-Fenosa como diante da Consellería de Industria e Patrimonio da Xunta de Galicia, pola lamentable imaxe que supón para este emblemático lugar, o tendido eléctrico que transcorre diante da Reitoral, tendido que fai que non sexa posible facer unha foto do Cruceiro sen que sala o cableado posterior.*

*A piques de rematar a pasada Lexislatura e despois de varios intentos, por parte de Unión Fenosa adquiriuse o compromiso de soterrar tanto o tendido eléctrico da Rúa Real como o do entorno do Cruceiro do Hío, compromiso que só se cumpríu nunha parte da Rúa Real sen que se saiba nada do soterramento do tendido do entorno do Cruceiro do Hío.*

*Pola importancia que representa non só como valor patrimonial este entorno único, tamén pola importancia a nivel turístico, pois seguramente é un dos puntos máis visitados do noso Concello, entendemos desde o PP de Cangas que debemos insistir na necesidade de retirar este tendido aéreo que pasa por diante da Casa Reitoral do Hío e que desde o noso punto de vista, desmellora e afea este importante conxunto arquitectónico.*

*Por todo iso efectuamos a seguinte PROPOSTA DE ACORDO :*

*O Pleno do Concello de Cangas insta á Consellería de Industria e a D. Xeral de Patrimonio da Consellería de Cultura a que esixa a UNIÓN -FENOSA o soterramento da liña eléctrica que transcorre pola fronte da Casa Reitoral do Hío ."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Soliño Costas:** explica o contido da moción.

**Sr. Alcalde:** pregunta se hai algún documento onde Fenosa se comprometera ao soterramento das liñas.

Di que están totalmente de acordo con este soterramento e apoiarán a moción.

**Sr. Iglesias Santos.** Lembra que o PSOE presentou fai meses unha moción para esixir das empresas subministradoras o soterramento no Casco Vello de Cangas e tamén na parroquias das súas instalacións. Pregunta se se fixo algo ao respecto, xa que a moción foi aprobada por unanimidade.

**Sr. Alcalde:** explica que aínda a semana pasada se reuníu xunto coa Sra. Giráldez cunha das maiores empresas subministradoras Gas Natural- Fenosa, por este motivo.

**Sr. Gestido Porto:** cre necesario tomar esta medida que propón a moción.

**Sra. Giráldez Santos:** di que o seu grupo votará a favor. Pide que se traslade o convenio do que fala a moción, xa que o equipo de goberno descoñece a súa existencia.

**Sr. Soliño Costas:** espera que de verdade se xestione este tema da debida forma e lembra que aínda non se realizou o soterramento que se solicitou mediante moción fai dous anos na rúa Félix Ozámiz.



Sinala que precisamente a reunión realizada fai uns días con Gas Natural-Fenosa foi referida entre outros aspectos ao necesario soterramento en Félix Ozámiz.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

**Expediente 260/2018.Moción de Cangas Decide de 14.01.2018 para a posta en marcha dun plan urxente de mantemento do alumado publico de Cangas, en especial as Parroquias.**

**Desfavorable**

**Tipo de votación:**

Ordinaria

A favor: 10, En contra: 11,

Abstencións: 0, Ausentes:

0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal “Cangas Decide” do día 14.01.2018, relativa á posta en marcha dun plan urxente de mantemento do alumado publico de Cangas, en especial as Parroquias que é como segue:

*“Ás reclamacións de cortes de luz nos lugares como Iglesiasio, Pinténs, Donón, Viñó, a maior parte de Hio, hai que sumar as demandas de moitos veciños doutras parroquias, pola falta de iluminación nos seus camiños, estradas que pasan polas súas vivendas, onde se converten en lugares escuros.*

*Aínda que algúns deses puntos de luz, foron danados polo último temporal, moitos deles están sen reparar desde fai meses e a culpa non foi do temporal, senón dun deixamento por parte dos responsables políticos, os cales están máis preocupados por botarlle a culpa a temporais e FENOSA.*

*Dende CANGAS DECIDE recordámoslle que o mantemento do alumado publico é Municipal e o seu correcto funcionamento é responsabilidade do goberno.*

*Este Grupo Político presentou unha proposta en febreiro do ano pasado, no que se solicitaba programar unha revisión mensual da iluminación en todas as parroquias, a instalación máis urxente dos puntos onde estean as súas lamparas fundidas e estudar a instalación de puntos de luz onde o requira.*

*E polo que presentamos para seu debate no Pleno a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:*

*1. Solucionar e reparar con carácter de urxencia os puntos de luz que nestes momentos seguen fundidos e poñer en marcha un Plan urxente de mantemento do alumado publico de Cangas, en especial as Parroquias alexadas do centro.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Gestido Porto:** expón o obxecto da moción presentada.



**Sra Giráldez Santos** considera hipócrita que se veña a avisar da necesidade de arranxar un punto de luz e ao día seguinte se presente esta moción, e máis cando no punto 2º da orde do día se ten adxudicado o contrato de renovación da iluminación pública. Lembra que hai un mantemento continuo e que todos os días se está a facer a revisión de luminarias. Di que os cortes de luz son culpa de Fenosa e provocan o fallo das luminarias pola subida e baixada de tensión que supoñen. Explica que o servizo eléctrico municipal resposta o máis rápido que pode ao problema de iluminación, pero son unicamente tres persoas e por iso se adxudicou o servizo de xestión integral de iluminación do concello. Cre que a moción non é de recibo e pide que se retire.

**Sr. Soliño Costas:** indica que fai case un ano ven denunciando que no palco da alameda vella hai un enchufe que se debe retirar porque é un perigo, pero non se fixo nada máis que dicir que ese enchufe non funcionaba cando o certo é que se segue a utilizar polo servizo municipal.

Di que as queixas en materia de iluminación son constantes e se ben a brigada traballa moi ben, está mal dirixida.

**Sr. Iglesias Santos:** cre que nada impide que en tanto o novo concesionario empeza a traballar se sega traballando polo concello no arranxo de luminarias. Votará a favor.

**Sr. Gestido Porto:** indica que fai máis de un ano que ven demandando que se arranxen as queixas que presentaron os veciños en materia de iluminación, hai parroquias que teñen que esperar seis meses para que se fagan determinados arranxos.

**Sra. Giráldez Santos:** di que se acaba de aprobar un plan de mantemento de luminarias no punto segundo da orde do día. Non é certo que haxa puntos de luz que non funcionen desde fai máis dun ano, non é certo que haxa unha mala xestión no servizo eléctrico municipal, que funciona, como mínio igual de ben que co goberno anterior. Indica que o servizo municipal encargado das luminarias non vai desaparecer porque seguirá tendo traballo de sobra.

**Sr. Soliño Costas:** di que hai puntos de luz que non funcionan desde fai máis de dous anos.

#### **VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 10 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP., 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Votos en contra:** 11 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG e 3 da ASPUN)

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

#### Incidencias:

Cando son as 21:25 horas abandona o Salón de Sesión o Sr. Alcalde e queda na Presidencia a primeira tenente de Alcalde, Sra. Giráldez Santos.

**Expediente 227/2018. Moción do grupo Aspun de 15.01.2018 para instar á Xunta de Galicia a complementar as obras proxectadas no firme das estradas PO-315 e PO-551.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria



A favor: 13, En contra: 0,  
Abstencións: 8, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal Aspun, do día 16.01.2018, relativa a instar á Xunta de Galicia a complementar as obras proxectadas no firme das estradas PO-315 e PO-551, que é como segue:

*“A Xunta de Galicia, a través da Axencia Galega de Infraestruturas, ven de licitar a execución das obras de mellora do pavimento na PO-315 e PO-551. Na memoria do proxecto licitado “Reforzo de firmes localizado na VG-4.4, PO-315 e PO-551” establécese unha descrición xeral que indica que “As obras recollidas no proxecto recollen as labores de reparación e reforzo de firme necesarios para mellorar as calzadas das estradas VG-4.4, PO-551 e PO-315. As actuacións realízanse na zona da calzada das estradas. Non se realizan obras nin nas beirarrúas nin nos carrís centrais.”*

*Nomeadamente se indica para a PO-315 e a PO-551 as seguintes actuacións:*

*PO-315: “Esta vía presenta un estado de firme aceptable e ó igual que na PO-551 executáronse distintas reparacións en anos anteriores. Planéase unha solución de reparación puntual mediante fresado e reposición de firmes nas zonas máis deterioradas, en distintos puntos de todo o tramo. En canto á pintura das marcas viaís, repoñeranse os tramos do eixe afectados polas obras e repintarase integramente os bordes e os cebreados e rotulacións.”*

*PO-551: Nesta estrada planéase solucións da mesma índole á anterior pois o seu estado é similar, se ben existen máis tramos onde o firme está deformado e polo tanto hai que proceder a reparacións mediante fresados e reposición de firme. Estes tramos en moitos casos, únense con actuacións executadas en anos anteriores.*

*En canto á sinalización, nesta vía primouse moito ao peón, de xeito que ademais de repoñer todo o borde ata o P.K. 24+710 e as zonas reparadas do eixe e bordes a partires dese punto, repoñeranse todos os cebreados e pasos de peóns (xa existentes). Os pasos de peóns detallados non son de nova execución senón unha mellora da seguridade vial dos existentes.*

*Revisada a Memoria do proxecto, e tendo en conta a descrición que nela se fai da situación actual das estradas obxecto de estudo, e as actuacións a levar a cabo, este grupo municipal considera preciso instar á Xunta de Galicia á revisión do proxecto para que ademais das obras de mellora do firme das estradas, contemple actuacións concretas que melloren a seguridade peonil, de ciclistas e de condutores que circulan nesas estradas.*

*Por todo o anteriormente exposto, proponse ao Pleno do Concello de Cangas, a adopción do seguinte ACORDO:*

*- Instar á Xunta de Galicia, a complementar as obras proxectadas no firme das estradas PO-315 e PO-551, con actuacións concretas que repercutan na seguridade peonil, de ciclistas e condutores destas estradas, principalmente no referido a:*

*- Limpeza e desbroce dos laterais das estradas, e reparación de beirarrúas.*



## Concello de Cangas

- *Mellora da iluminación dos distintos tramos, principalmente nos núcleos de vivendas e pasos depeóns.*

- *Incrementar o número de pasos de peóns, dando resposta ás demandas veciñais."*

### DELIBERACIÓNS:

**Sra. Vizoso Marcos:** explica o contido da moción presentada, que busca complementar a obra proxectada pola Xunta, con actuacións que repercutan na seguridade peonil, de ciclistas e conductores. Dá lectura aos puntos de acordo.

**Sr. Soliño Costas:** pide que se respecte a orde de intervencións dos grupos tal e como indica o ROM. Di que tamén lle gustaría que a actuación da Xunta incluíse dobre beirarrúa, carril bici, construción de avenidas de entrada a Cangas, etc, pero a obra é de mellora do pavimento. En zonas urbanas o mantemento é competencia do Concello de Cangas, pero a realidade é que o Concello nesta materia ve a palla no ollo alleo. Lembra os buracos en Romarigo ou o pintado da avenida de Galicia.

**Sra. Giráldez Santos:** di que o concello asume a limpeza nos tramos urbanos, non o mantemento do firme que é ao que se refire a moción. A maioría das estradas requiren dun asfaltado completo e non cachiños puntuais. Di que o incremento de pasos de peóns se veñen solicitando dese hai anos e non se obtivo resposta. Lembra que o desbroce fóra dos tramos urbanos lle corresponde a eles e non actuaron ata despois de remitir cinco escritos.

### Incidencias:

Cando son as 21:33 horas incorpórase ao Salón de Sesiós o Sr. Alcalde.

**Sr. Abalo Costa:** cre que dicir "a obra é o que é" non é xustificación para responder a esta moción.

**Sr. Gestido Porto:** está de acordo nos pedimentos que se están a facer, pero o certo é que o proxecto xa está pechado e licitado e a piques de comezar, polo que debería pedirse que se poña en marcha outro proxecto para satisfacer estas demandas.

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor porque son demandas en beneficio dos veciños.

**Sra. Vizoso Marcos:** di que a intención da moción é clara e repite os puntos de acordo propostos.

### VOTACIÓN E ACORDO:

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Abstencións:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar íntegramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 254/2018. Moción do grupo PP de 15.01.2018 para habilitar unha partida nos orzamentos do 2018 que permita realizar unha revisión do padrón municipal.**

## Concello de Cangas



**Desfavorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria

A favor: 9, En contra: 10,

Abstencións: 1, Ausentes: 1

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PP, do día 15.01.2018, relativa a habilitar unha partida nos orzamentos do 2018, que permita realizar unha revisión do padrón municipal, que é como segue:

*“Sendo coñecedores da baixada do padrón de habitantes no municipio de Cangas, en concreto a baixada de 110 habitantes pasando do ano 2016 ao 2017 de 26.584 a 26.474 habitantes, consideramos que ese descenso pode estar provocado por unha cuestión administrativa e non reflexar realmente a siutación actual da poboación do municipio.*

*A cifra de habitantes para unha poboación ten dous puntos claves. Por un lado a imaxe positiva que representa que un pobo siga crescendo en número de habitantes, Por outro lado a poboación dun municipio é fundamental para as contas do seu concello, en concreto, o importe dos fondos que destinan as administracións centrais e autonómicas ao Concello de Cangas. Canto maior sexa a veciñanza, máis fondos recibirá o Concello e viceversa.*

*Tendo en conta que a formación, mantemento, revisión e custodia do Padrón correspondente ao concellos.*

*Por todo o anterior presentamos a seguinte:*

*Proposta de Acordo:*

*O Pleno da Corproación insta ao equipo de goberno do Concello de Cangas a que habilite unha partida nos orzamentos do 2018, que dote de medios materiais e humanos para realizar unha inspección de campo, coa intención de ter o Padrón de Cangas o máis aproximado á realidade.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sr. Millán Blanco:** indica que houbo un descenso de 110 habitantes no padrón municipal, polo que cre necesario que se actúe para que se realice unha revisión padronal.

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor.

**Sr. Alcalde:** di que efectivamente houbo unha perda de 110 habitantes no padrón o cal é un fenómeno que afecta non só a Cangas, senón a toda Galicia. O departamento Municipal de Estatística cre que se debeu á marcha do colectivo de inmigrantes. Di que se está a traballar rigorosamente na xestión do padrón municipal e que non é posible contratar máis xente para o departamento.

**Sr. Chillón Iglesias:** entende que a proposta busca o incremento da poboación, pero desgraciadamente a dinámica poboacional a nivel galego é o descenso da poboación, sendo a segunda comunidade máis envellecida do estado español, e cre que o incremento da poboación requiriría outro tipo de medidas por parte do estado e da comunidade autónoma. Votarán en contra.



**Sr. Millán Blanco:** considera que aquí hai un problema que se puxo de manifesto o 5 de abril por parte do goberno municipal que afirmou estar en contra deses datos de baixada de poboación. Cre que é necesario un traballo de campo con persoal ou empresa contratada que permitiría facer correccións no padrón, porque hai persoas vivindo en Cangas fai anos que están empadronados noutros concellos.

**Sr. Alcalde:** di que cando o INE enviou a proposta poboacional o Concello reclamou, e é competencia do INE admitir ou non a reclamación. O que non vai é a obligar á xente a empadronarse.

Incidencias:

Cando son as 21:49 horas abandona o Salón de sesións o concelleiro Sr. Abalo Costa.

**Sr. Iglesias Santos:** cre que habería que establecer nunha ordenanza municipal que permita controlar dalgunha forma á xente que verdadeiramente vive en Cangas.

**Sr. Hermelo Álvarez:** di que votarán en contra porque non cre que sexa agora mesmo prioritario empregar cartos públicos nesta materia, efectivamente hai xente que vive en Cangas e está empadronada noutros concellos, pero tamén se da situación inversa.

**Sr. Millán Blanco:** sinala que fai anos se realizou unha actuación neste senso e obtívose unha suba na poboación empadronada, o cal implicou unha maior participación non ingresos do estado en 300.000 euros.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP. 1 do PsdeG-PSOE)

**Votos en contra:** 10 (3 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN)

**Abstencións:** 1 do concelleiro de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a proposta transcrita anteriormente.

Incidencias:

Cando son as 21:53 horas incorpórase ao Salón de Sesións o concelleiro Sr. Abalo Costa.

**Expediente 259/2018. Moción do PSOE de 15.01.2018 para establecer un sistema público de pensións con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Ordinaria  
A favor: 12, En  
contra: 0,  
Abstencións: 9,  
Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.





Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal PSOE, Do día 15.01.2018, relativa a establecer un sistema público de pensións con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades, que é como segue:

*“O Sistema Público de Pensións constitúe a política pública con maior capacidade de redistribución e redución das desigualdades (o 46%).*

*As políticas do PP representan unha seria ameaza para o sistema público de pensións. Coas súas políticas de emprego o Goberno de Rajoy puxo en perigo a sustentabilidade económica das pensións, que entraron nun período de déficits constantes e crecentes; e co novo mecanismo de revalorización, que se desvincula do poder adquisitivo e co factor de sustentabilidade, que axusta o importe da pensión en función da esperanza de vida, condénase aos pensionistas a un progresivo empobrecemento. E todo iso, fixérono mediante a imposición, sen diálogo social e rompendo unilateralmente o consenso do Pacto de Toledo. Con estas políticas o PP está a preparar o camiño para os Fondos de Pensións privados, en detrimento do Sistema Público de Seguridade Social. Os resultados desta política están á vista: progresiva perda de poder adquisitivo das pensións, sensación de incerteza nos actuais xubilados sobre se o Estado será capaz de pagar as súas pensións nos próximos anos, sentimento de inxustiza naqueles que contribúen ao sistema pero dubidan de que este lles poida proporcionar unha pensión digna nun futuro a 10 ou 20 anos vista, e desesperanza case absoluta por parte da mocidade en que algún día poidan contribuír e ser protexidos polo sistema.*

*O PP está laminando o Sistema Público de Pensións sometendo a un espolio permanente ó Fondo de Reserva da Seguridade Social.*

*O déficit foi compensado por retiradas masivas do Fondo de Reserva que, de contar con 66.815 millóns de euros a finais de 2011, sitúase, no día de hoxe, en 8.095 millóns de euros, e que se non se esgotou totalmente foi como consecuencia do préstamo de 10.192 millóns de euros do Estado á Seguridade Social contido na Lei de Presupostos Xerais do Estado de 2017. A iso hai que engadir as cantidades retiradas do Fondo de Mutuas, por importe de 8.621 millóns de euros nestes anos.*

*En definitiva, necesitáronse fondos por importe de 93.251 millóns de euros adicionais ás cotizacións para poder facer fronte ó pago das pensións no período 2012 - 2017. O ano 2018 comezou na mesma liña e o PP, no canto de expoñer medidas serias no marco do Pacto de Toledo e o Diálogo Social, decidiu seguir endebedando á Seguridade Social cun crédito de 15.000 millóns de euros.*

*O Fondo de Reserva, xurdido da reforma da estrutura financeira da Seguridade Social levada a cabo polos gobernos socialistas en 1989 e recolleito posteriormente como unha recomendación do Pacto de Toledo, estaba previsto para ser usado cando xurdisen as maiores tensións xeracionais sobre o Sistema, en torno ao ano 2023. De non ser utilizado, o Fondo tería hoxe máis de 90.000 millóns, mesmo sen novas achegas, só en base á súa propia rendibilidade. En cambio, de seguir con este ritmo de gasto, a nosa hucha das pensións quedará totalmente baleira no ano 2018. É dicir, vaise a esgotar 10 anos antes do previsto.*

*Este escenario pon en risco a situación financeira da Seguridade Social e en consecuencia, a garantía non só das pensións actuais senón tamén, e especialmente, das pensións futuras. Por iso é imprescindible adoptar medidas que dean estabilidade ao Sistema.*



*No PSOE consideramos que o dereito ás pensións e o acceso ao Sistema de Seguridade Social debe considerarse un dereito constitucional e ser incorporado como tal na reforma da Carta Magna que propoñemos. Para iso, expoñemos medidas destinadas a garantir o futuro do Sistema Público de Pensións: recuperando o Pacto de Toledo e o diálogo social; aprobando un novo Estatuto dos Traballadores que promova dereitos laborais e emprego de calidade; e establecendo unha fonte complementaria de financiamento das pensións a cargo do PGE, como na maioría dos países da nosa contorna.*

*Por estas razóns o PSOE defende un novo modelo para reequilibrar o sistema de pensións, mantendo o gasto, racionalizando outras partidas e incrementando os ingresos do sistema.*

*Por todo o exposto, O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CANGAS presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal a seguinte MOCIÓN instando o Goberno de España a:*

*1) Volver ao consenso de 2011, derogando todos os cambios legais introducidos ao longo da lexislatura 2011-2015: a regulación da xubilación anticipada do RDL 5/2013 e, de forma íntegra, a Lei 23/2013, reguladora do Factor de Sustentabilidade e do Índice de Revalorización do Sistema de Pensións da Seguridade Social.*

*2) Garantir o poder adquisitivo das pensións, recuperando a actualización das mesmas conforme ao IPC.*

*3) Eliminar o factor de sustentabilidade establecido polo PP na Lei 23/2013, que reducirá as pensións de xubilación en función da esperanza de vida da cohorte correspondente a partir do 1 de xaneiro de 2019.*

*4) Racionalizar os gastos do sistema, desprazando aos Presupostos Xerais do Estado 2018 aqueles que non corresponden a prestacións, como os seguintes gastos entre outros:*

*a) As medidas de fomento do emprego (reducións de cotas, tarifas planas, etc.). Se se considera necesario manter algunha debería ser pola vía de bonificacións e a cargo do PGE.*

*b) Os gastos de xestión das Entidades Administrativas da Seguridade Social, do mesmo xeito que se fai co resto de organismos públicos.*

*5) Incrementar os ingresos do sistema:*

*a) Complementando o financiamento da Seguridade Social, entre outras medidas, con ingresos procedentes de impostos destinados anualmente a completar os ingresos por cotizacións ata que estes vólvanse a equilibrar dentro do sistema, por exemplo novos impostos extraordinarios á banca e ás transaccións financeiras. Pensamos que se toda a sociedade española contribuíu ao rescate das entidades financeiras, este imposto ha de servir para contribuír ó rescate do sistema público de pensións.*

*b) Intensificando a loita contra o emprego irregular e a fraude á Seguridade Social.*

*6) Mellorar a natureza protectora do sistema modernizando a xestión do Fondo de Reserva a través dunha mellora da súa regulación, recuperando o establecemento de límites á disposición de fondos con carácter anual.*



7) *Adoptar medidas específicas para ir eliminando progresivamente a brecha próxima ao 40% existente entre a contía das pensións dos homes e das mulleres (déficit de xénero):*

a) *Aprobación dunha Lei de Igualdade Laboral co fin de eliminar a brecha salarial, e polo tanto de cotizacións, que acaba derivando en pensións máis baixas.*

b) *Recuperar a iniciativa legislativa socialista, incluída na Lei 27/2011 de incrementar a pensión de viuvez para maiores de 65 anos que non reciban outra pensión pública ata alcanzar o 60% da base reguladora, medida que afecta de maneira maioritaria ás mulleres.*

8) *Introducir no Pacto de Toledo, un novo principio de “reequilibrio orzamentario”, un concepto que implica unha procura constante de racionalización de gastos e de axuste de ingresos cada ano, e que terá efectos no medio prazo e ata finais dos anos 40 do século XXI.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Iglesias Santos:** expón o contido da moción presentada.

**Sra. Giráldez Santos:** di que presentan unha emenda ao punto n.º 1 que literalmente di:

*“Substituír o punto 1 polo seguinte texto:*

*1. Derrogar os cambios introducidos no sistema das pensións desde o ano 2011, restablecer a xubilación ordinaria aos 65 anos e calcular a contía das pensións sobre os 15 mellores anos cotizados, a escolla dos traballadores e traballadoras.*

#### *Xustificación:*

*O “consenso” do ano 2011 foi o acadado entre o PP, PSOE, UGT e CCOO, para levar a cabo unha regresiva refoma das pensións, que supuxo o incremento da idade de xubilación de 65 a 67 anos e un incremento dos anos de cómputo para o cálculo da contía da pensión, incrementándose dos últimos quince anos cotizados aos últimos 25, o que supón, na maioría dos casos unha diminución da contía da pensión, xa que logo, faise preciso modificar ese punto, propoñendo que se muden os negativos cambios que producíu ese consenso.*

*Ademais, para ter en conta no debate, desde o BNG tamén cremos necesario impulsar as seguintes medidas:*

*1.- Eliminar as contra-reformas laborais e crear emprego de calidade, xa que o emprego de calidade é a base na que se sustentan os ingresos do sistema da Seguridade Social.*

*2. Incrementar de xeito considerable as pensión non contributivas, medida que, en tanto non asuma o goberno estatal, deberá se asumida pola Xunta de Galicia.*

*3. Reclamar a xestión da Seguridade Social en Galicia.”*

**Sr. Iglesias Santos:** cre que a emenda da Sra. Giráldez Santos acota as posibilidades de que prosperen os pedimentos, cre que é máis viable manter a moción como está pero non ten problema en aceptar a emenda.

**Sr. Millán Blanco:** di que quere presentar unha emenda de substitución a todos os puntos que di:



*"O pleno do concello de Cangas insta aos grupos parlamentarios que integran a Comisión Permanente do Pacto de Toledo a que, dentro dun marco de consenso e diálogo social, cheguen a un acordo que garanta un sistema público de pensións sustentable, equitativo e solidario."*

Considera que algúns dos punto da moción son irrealizables, por iso presenta a emenda.

**Sr. Iglesias Santos:** di que non acepta a emenda e indica que a moción a mantería aínda que o goberno central fora do PSOE.

#### **VOTACIÓN E ACORDO DA EMENDA DO PP:**

**Votos a favor:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

**Votos en contra:** 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN e 1 do PsdeG-PSOE).

**Abstencións:** 1 concelleiro de "CANGAS DECIDE"

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a emenda transcrita.

#### **VOTACIÓN E ACORDO DA MOCIÓN COA EMENDA DA SRA. GIRÁLDEZ SANTOS:**

**Votos a favor:** 12 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE).

**Abstencións:** 9 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente coa emenda presentada.

#### **Expediente 276/2018. Moción do equipo de goberno de apoio á reivindicación da Plataforma Pola Defensa do Río Verdugo.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo de goberno, do día 18.01.2017, relativa ao apoio á reivindicación da Plataforma Pola Defensa do Río Verdugo, que é como segue:

*"As Rías Baixas, e concretamente a Ría de Vigo atópanse nunha zona de clima cun marcado carácter mediterráneo. Non en balde, o nome técnico literal do noso clima é "oceánico hiperhúmido con forte tendencia a aridez estival". En consecuencia, as secas foron e son frecuentes. Hoxe, esta tendencia parece que pode estar acentuándose polos efectos do cambio climático.*

*As cabeceiras dos ríos Oitavén e Verdugo son de características similares respecto á súa orografía, pluviosidade, vexetación, rocha do subsolo e capacidade de retención de auga. Isto ten como consecuencia directa que o réxime de enchentas e secas e regularidade dos caudais dos dous ríos sexan semellantes. Cando seca un seca o outro.*



*O de maior caudal, o Oitavén, está xa interceptado por un grande encoro, Eiras, que fai imposible que siga enriquecendo cos seus sedimentos e auga doce a desembocadura e polo tanto desde o punto de vista natural está severamente danado. No Verdugo tamén hai actuacións que perxudican os hábitats (captacións de auga, depuradoras e tres aproveitamentos hidroeléctricos), permitindo a pesares de todo nos últimos anos a recuperación de especies emblemáticas e indicadoras que as cousas non iban mal desde o punto de vista da natureza: salmóns, reos, lampreas, anguías persistían en facer vida nel.*

*A riqueza marisqueira da Ría é sobradamente recoñecida e a dependencia desta dunha dinámica fluvial sen alteracións no seu normal aporte de caudal e sedimentario fai deste un aspecto importante a destacar por técnicos e biólogos. Elemento engadido importante a ter en conta é afectación dun espazo natural protexido como a Enseada de San Simón, incluído na Rede Natura 2000.*

*O proxecto de captación de auga dende o Verdugo ao Oitavén en épocas de seca, que está en tramitación agora, atentaría directamente contra este necesario equilibrio natural, nun sistema fluvial sobradamente explotado, xa que levaría aproximadamente a metade do seu caudal neses intres, incluso, cos datos na man, sería imposible respectar o caudal ecolóxico mínimo. Os cálculos así o confirman.*

*Non sería unha solución, xa que cando seca o Oitavén seca o Verdugo, alén de que como vimos antes, estaría xerando novos problemas na bacía transvasada e sobretudo porque contribúe a non solucionar o problema real e persistente de xestión da auga, eludindo a responsabilidade de adaptar esta a un modo máis eficiente e resiliente ante as secas e sustentable no tempo.*

*Cunha potabilizadora que non da tratado auga de xeito suficiente dende que o encoro de Eiras está xa por debaixo do 40% (nesta última seca o mínimo foi de 37,6%) polo exceso de ferro, unhas perdas en conducións que superan o 30%, mínimos e superficiais esforzos de aforro na industria, vivendas e municipios, non podemos plantexarmonos como sociedade europea do século XXI facer obras que danen os ecosistemas fluviaais. Sinxelamente, non é o que toca. Non é presentable, ao abeiro de toda a normativa e especialmente a Directiva marco da auga europea.*

*Hai outras e mellores e máis sustentables e menos perxudiciais alternativas que pasan por un modelo de xestión que prime a eficiencia, a reciclaxe de augas depuradas, a renovación de infraestructuras, a sectorización das distribucións, a economía circular da auga, a restriccións de uso por tempadas, a tarifación que prime o aforro e a concienciación da cidadanía de que a auga e un recurso moi valioso e escaso.*

*Non eludir estas responsabilidades tamén motivaría no futuro comezar a preocuparmonos como sociedade de que a auga depende directamente da natureza e en primeira instancia dos ríos, acuíferos e brañeirais. En definitiva dos montes que son as cabeceiras dos sistemas fluviaais que nos nutren, sobranceiramente, o Cando e os montes do Suído, incluídos na Rede Natura 2000.*

*Por eses motivos proponse ao pleno:*

*1.- Avogar pola elaboración dun estudo técnico serio e independente que cuantifique as perdas reais existentes polos diferentes sectores en todo o sistema de augas. Así mesmo, tamén sería necesaria a inclusión dun proxecto de mellora ou renovación completa das potabilizadoras, cando menos da ETAP do Casal, adaptándoas á capacidade real, para seguir ofrecendo auga de calidade, incluso co encoro de Eiras por debaixo do 40%.*



2.- *Apostar pola necesidade de evolucionar cara modelos de xestión da demanda e a eficiencia máis resistentes ante o escenario de cambio climático, que promovan un uso sostible da auga baseado na protección a longo prazo dos recursos hídricos dispoñibles e que contribúa a paliar os efectos das inundacións e das secas, en vez de apoiar solucións temporais e insostibles como os transvasamentos.*

3.- *Considerar que todas as administracións competentes deben comezar a poñer en marcha actuacións encamiñadas á “nova cultura da auga”, baseada na xestión sostible e na conservación das concas fluviais, ao abeiro da Directiva Marco da Auga europea, así como á creación da “Mesa pola Sustentabilidade da Auga”, recomendada xa dende o ano 2010. Neste senso e nos Concellos abastecidos total ou en parte por Eiras instar a todos a crear o “Consortio da auga da Ría de Vigo “de cara a solucionar toda a problemática.*

4.- *Trasladar o presente acordo aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia, Augas de Galicia e Presidencia da Xunta de Galicia.”*

**DELIBERACIÓNS:**

**Sra. Giráldez Santos:** explica o obxecto da moción.

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor.

**Sr. Sotelo Villar:** di que o PP propuxo no pleno pasado a adopción dunha serie de medidas nesta materia que foi apoiada por unanimidade. Cre que esta moción vai nunha liña similar, aínda que non coincide en todos os puntos. Suliña a importancia da creación dun consorcio de auga.

Indica que votarán a favor.

**Sr. Hermelo Álvarez:** sinala que hai un estudo técnico nesta materia que foi remitido hoxe aos grupos da oposición.

**Sr. Abalo Costa:** cre que debería haber unha xuntanza dos grupos municipais para coordinar que pasos haberá que dar para por en marcha o consorcio da auga.

**Sr. Alcalde:** comprométese a convocar esa xuntanza entre todos os grupos municipais.

**VOTACIÓN E ACORDO:** o Concello Pleno, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar integramente a proposta presentada.

**Expediente 295/2018. Proposta para impulsar políticas de benestar animal e convivencia**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 17, En contra: 0,  
Abstencións: 4, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da moción do Grupo Municipal ACE, relativa a impulsar



políticas de benestar animal e convivencia, que é como segue:

*“A recente aprobación da Lei de Benestar Animal polo Parlamento de Galicia e a falta dunha consignación orzamentaria mínima por parte do executivo autonómico evidencia unha vez máis a necesidade de establecer normas locais adaptadas aos tempos, ás demandas veciñais e ao interese da protección dos animais xunto cunha convivencia responsable.*

*A nova Lei autonómica avanza nalgúns aspectos fundamentais, reclamacións que viñan sendo continuadas por parte das entidades protectoras e dos colectivos que, como LIBERA! advirten sobre un abandono animal que non deixa de medrar e que non recibe resposta precisa dende o conxunto dos poderes públicos.*

*Tamén, non é menos certo, que a derivación de competencias nesta materia dende a Xunta aos Concellos, coloca aos gobernos locais nunha situación complexa, xa que teñen que aplicar as disposicións, algunhas moi novidosas, como o 'sacrificio cero' ou a prohibición de encadeamento continuado, sen dispoñer dun investimento por parte da administración galega.*

*Só cunha remuda profunda da conciencia cidadá se poderá chegar a un Concello máis amigable e responsable cos animais, con taxas practicamente nulas de abandono e con casos moi puntuais de crueldade, pero aplicar a Lei de Benestar Animal nos vindeiros meses esixirá unha resposta económica da Xunta, que dote ao noso Concello de medios mínimos para afrontar o seu articulado con garantías.*

*A Xunta ten a obriga de apoiar ás administracións que están a asumir a práctica totalidade dunha batalla, o abandono e o maltrato, para a cal non se consignan suficientes recursos.*

*E por iso que PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte acordo:*

*Instar á Xunta de Galicia a consignar os recursos orzamentarios necesarios para garantir a aplicación correcta da Lei de Benestar Animal de Galicia, así como o apoio técnico preciso para implementar as súas disposicións.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Abalo Costa:** explica o obxecto da moción.

**Sra. Giráldez Santos:** presenta unha emenda de substitución á moción, considera que a lei está incompleta e non contou con todas as asociacións animalistas, nin aceptou moitas das emendas presentadas.

#### EMENDA:

*“Substituír o punto 1 polo seguinte texto:*

*Rexeitar a Lei de Benestar Animal de Galicia recentemente aprobada no parlamento galego instando á Xunta de Galicia á modificación e corrección das carencias, contradicións e incoherencias desta lei, contando coas aportacións feitas a través de emendas e alegación recoñecendo así o labor de todas as persoas e colectivos, animalistas e protectores que fixeron as súas aportacións para acadar una lei de Benestar Animal consensuada e que resolva situacións clave cara a protección animal, así como consignar os recursos orzamentarios necesarios para garantir a aplicación correcta desta lei de Benestar Animal de Galicia e o apoio técnico preciso*



*para implementar as súas disposicións.”*

**Sr. Abalo Costa:** di que a moción e a emenda non entran en contradicción, pero o texto é unha proposta dun colectivo, polo que non cre que se deba modificar.

**VOTACIÓN E ACORDO DA EMENDA:**

**Votos a favor:** 4 dos/as concelleiros/as presentes do BNG.

**Votos en contra:** 13 (8 dos/as concelleiros/as presentes do PP, 4 da ACE-SON e 1 do PsdeG-PSOE)

**Abstencións:** 4 (3 da ASPUN e 1 de "CANGAS DECIDE")

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda rexeitar a emenda transcrita anteriormente.

**Sr. Iglesias Santos:** di que votará a favor da moción.

**Sr. Graña Graña:** di que está de acordo en que se destine a maior partida posible en contra do maltrato animal. Lembra que o Concello tamén ten competencia na materia e conta con dúas ordenanzas sobre animais de compañía e potencialmente perigosos. Pide que o concello desenvolva iniciativas de concienciación nesta materia.

**Sr. Hermelo Álvarez:** di que votarán a favor, se ben non apoian o texto da lei, dado que hai que cumprila, cre que debe dotarse ao concellos dos cartos necesarios para elo.

**VOTACIÓN E ACORDO:**

**Votos a favor:** 17 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 3 da ASPUN, 8 do PP, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Abstencións:** 4 dos/as concelleiros/as presentes do BNG.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

**Expediente 293/2018. Proposta de apoio á Plataforma SOS Sanidade Pública Galicia para a retirada do anteproxecto de modificación da Lei Galega de Saúde do ano 2008.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Ordinaria  
A favor: 13, En contra: 8,  
Abstencións: 0, Ausentes: 0

Dáse conta do dictame favorable emitido pola Comisión Informativa Única realizada o día 22.01.2018.

Así mesmo a Presidencia dá conta da Proposta da Alcaldía do día 19.01.2018, relativa ao apoio á Plataforma SOS Sanidade Pública Galicia para a retirada do anteproxecto de modificación da Lei Galega de Saúde do ano 2008, que é como segue:

*"O pasado mes de agosto, o Goberno da Xunta de Galicia iniciou un proceso de Reforma da Lei Galega de Saúde do ano 2008. A publicación do anteproxecto aberto a consultas públicas xa*





*provocou as alarmas entre o sector sanitario, ao considerar que, entre outras cuestións, vai supor un novo recorte e unha maior precarización do sistema público de saúde.*

*En primeiro lugar, esta proposta de reforma limita, facendo inviable, a participación social. Concretamente, modifica a configuración dos órganos de participación social, que, na súa configuración actual, terían permitido realizar funcións esenciais de información previa á aprobación e posterior control das decisións de política sanitaria. Coa modificación do artigo 23 limitan o acceso á información e á documentación existente, co que se condiciona calquera capacidade de control.*

*A non posta en marcha dos órganos de participación cidadá da Lei de Saúde do 2008, tanto do Consello de Saúde de Galicia como dos Consellos de Saúde de Área, confirma o anterior, xa que o novo artigo 24 introduce modificacións, tanto na súa composición como nas súas funcións, que fan inviable calquera control previo á aprobación ou posterior á execución do Plan de Saúde, contratos de servizos sanitarios, concertos, programas de subvencións, Memoria anual, proxectos de Orzamentos, prestacións e carteira de servizos.*

*Asemade, os novos artigos 25 e 26, que modifican o Consello de Saúde de Área e crean o Consello asesor de pacientes, deixan pendente de regular a súa composición e funcionamento en normas posteriores.*

*En segundo lugar, reduce as áreas sanitarias e consolida a exclusión da Atención Primaria. A modificación da lei adapta as Áreas Sanitarias ás actuais Estruturas Organizativas de Xestión Integrada (EOXIS), que creou o goberno do PP, ao tempo que anulaba as Xerencias de Atención Primaria (AP). Deste xeito, preténdese eliminar as áreas sanitarias de A Mariña, Monforte, O Barco e o Salnés, deixando como únicas áreas sanitarias as 7 demarcacións coincidentes coas EOXIS (Santiago de Compostela, A Coruña, Ferrol, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).*

*Paralelamente, coa modificación do artigo 69 crease un novo ámbito territorial, os distritos sanitarios, cada un deles cun Hospital de referencia; os sete comarcais, os 4 das áreas suprimidas (A Mariña, Monforte, O Barco e O Salnés), e os 3 que non sendo área anteriormente contan cun hospital comarcal de referencia (Cee, Barbanza e Verín); e os 7 coincidentes coas cabeceiras das EOXIS (A Coruña, Ferrol, Santiago, Lugo, Pontevedra, Ourense e Vigo).*

*O artigo 69 di que: "Os distritos sanitarios son divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria".*

*Porén, esta reforma nada apunta en relación á recuperación das estruturas directivas de Atención Primaria, unha demanda unánime do persoal traballador de Atención Primaria. Tampouco se di nada da estrutura dos órganos directivos das Áreas nin dos distritos.*

*Esta situación obriga a atender unha media de entre 40 e 50 pacientes ao día, o que repercute na calidade da atención e na capacidade resolutiva, e obriga a enviar de xeito innecesario a moitos/as pacientes ao hospital, colapsando as urxencias e incrementando as listas de espera. En algúns Centros de Saúde, a espera para acudir a consulta chega a superar a semana, algo inadmisibile no primeiro nivel asistencial.*

*En terceiro lugar, consolida o modelo privatizador de coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde. Así, o capítulo da nova Lei de saúde dedicado á investigación muda dun xeito significativo de nome: do inicial "Da*



*investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia" ao modificado "Da investigación e a innovación no Sistema Público de Saúde de Galicia". Asemade, omítense as referencias ás prioridades marcadas polo "Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica", e introduce unha referencia as prioridades marcadas polos plans de investigación vixentes en cada momento -sen aclarar que plans e que papel xoga neles a sanidade pública e a industria privada-, pretendendo así lexitimar o modelo privatizador do coñecemento, posto en marcha coa creación da Axencia galega para a xestión do coñecemento en saúde.*

*Por todo o exposto, PROPOÑO AO PLENO a adoción do seguinte acordo, en apoio á proposta da Plataforma SOS Sanidade Pública:*

*PRIMEIRO: Instar á Xunta de Galicia a que retire o Anteproxecto de reforma da Lei Galega de Saúde, que perpetúa as estruturas de xestión integrada.*

*SEGUNDO: Instar á Xunta de Galicia restitúa as xerencias de atención primaria e que as dote de medios e recursos para reforzar a súa capacidade de resolución.*

*TERCEIRO: Instar á Xunta de Galicia a que co consenso de todas as forzas políticas, sindicais e sociais, desenvolva a Lei Galega de Saúde do ano 2008."*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Hermelo Álvarez:** expón o contido da moción presentada.

**Sr. Iglesias Santos:** di que o PSOE se ten manifestado a favor das demandas plantexadas pola Prataforma polo que votarán a favor.

**Sr. Sotelo Villar:** di que votarán en contra porque o único que fai esta Lei é adaptar a Lei existente á actual realidade social. Cre que esta lei non prexudica en nada á cidadanía, regula novas formas de participación activa dos veciños e non vai prexudicar en nada aos veciños de Cangas.

Cre que é a primeira vez que unha norma con rango de lei blinda a existencia dos hospitais coa creación dos distritos sanitarios.

#### VOTACIÓN E ACORDO:

**Votos a favor:** 13 (4 dos/as concelleiros/as presentes da ACE-SON, 4 do BNG, 3 da ASPUN, 1 do PsdeG-PSOE e 1 de "CANGAS DECIDE").

**Votos en contra:** 8 dos/as concelleiros/as presentes do PP.

Polo tanto, o Pleno da Corporación, por maioría de votos, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente.

#### Urxencia:

**Moción do Grupo Municipal PP, relativa á instalación de Antena de Telefonía en convenio coa empresa ORANGE.**

Dáse conta da Moción do Grupo Municipal PP. do día 26.01.2018, relativa á instalación de Antena de Telefonía en convenio coa empresa ORANGE, que é como segue:



*“Pola prensa coñecemos (A día de hoxe e despois de reiterados intentos non foi posible comprobalo físicamente) que o Sr. Alcalde asinou coa empresa de telefonía Orange un convenio onde cede o uso dun ben demanial como é un espazo no pavillón de O Gatañal para a instalación dunha antena de telefonía que ven a substituír a localizada no camping de Liméns e que a pesar do expediente urbanístico por denuncias realizadas polos vecinos, a día de hoxe non foi retirada .*

*Resulta cando menos curioso que o actual Goberno Municipal defensor cando era Oposición da Saúde Pública e denunciante en múltiples casos (Lembrar episodios de Límens, Avda. de Marín ou Espírito Santo) dos posibles efectos canceríxenos dos campos electromagnéticos producidos pola telefonía móbil, agora coa súa habitual transparencia sabemos que non lles importa a saúde, e alugan un espazo no pavillón por 15 anos prorrogables, e 6.000 € de renda anual. (Faro de Vigo 17.01.2018).*

*O PP entende primeiro que non é competencia do Alcalde a cesión do uso dun ben demanial como é o pavillón municipal, senón que é competencia do Pleno da Corporación (Solicitaremos o preceptivo informe xurídico) e en segundo lugar como é posible que si a antena se retira de Liméns pola presión vecinal e posibles efectos nocivos sobre a saúde pois existen vivendas preto dese lugar, se traslade dita infraestrutura a unha instalación deportiva municipal onde hai cada día adestrando varios centos de deportistas de tódalas idades, moitos deles nenos e nenas, un colexio a menos de 200 m. en liña recta e no medio dunha urbanización. Como di o refrán "Quien os ha visto y quien os ve " ou aquel outro de "Ver para creer".*

*Por todo iso, efectuamos as seguintes PROPOSTAS DE ACORDO :*

- 1.- O Pleno do Concello insta a Alcaldía a anular dito convenio coa empresa ORANGE .*
- 2.- O Pleno do Concello insta o Goberno Municipal a contratar unha asistencia técnica para establecer un mapa onde se sitúen antenas de telefonía móbil que permitan dar cobertura en todo territorio municipal sen riscos para a saúde pública.”*

#### DELIBERACIÓNS:

**Sr. Graña Graña:** xustifica a urxencia porque se enteraron pola prensa do convenio con Orange para instalar unha antena no pavillón do Gatañal afectando a moitos veciños e escolares. Cre que é urxente que se anule este convenio e se adopten outras medidas.

**Sr. Pazos Varela:** cre que non é urxente a medida, se ben acepta o pedimento de que se emita un informe xurídico.

**Ratificación da inclusión na orde do día e declaración de urxencia:** de conformidade co sinalado no art. 91.4 e 97.3 do R.d. 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, o Concello Pleno, cos votos a favor dos concelleiros/as presentes do Grupo Municipal PP (8), os votos en contra dos concelleiros presentes dos Grupos de Goberno ACE, BNG e ASPUN (11) e as abstencións dos concelleiros presentes dos Grupos Municipais PSOE e “Cangas Decide”, acorda rexeitar a urxencia e a ratificación da inclusión deste punto na orde do día.

## B) ACTIVIDADE DE CONTROL



Concello de Cangas

**Dación de conta das resolucións da Alcaldía ditadas desde do 15 de novembro de 2017 ao 21 de xaneiro de 2018**

O Concello Pleno queda informado do presente asunto.

**C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES**

**Sr. Gestido Porto:** pregunta se se coñece o muro que se está a facer en San Roque, entre o Gatañal e Talleres Movil.

**Sr. Alcalde:** di que non, polo que enviarán ao inspector de obras para que faga a comprobación oportuna.

**Sr. Millán Blanco:** pregunta se xa hai unha consultora que dirixirá o contrato adjudicado a Ferrovial.

**Sr. Alcalde:** resposta que non está contratada e se fará unha vez asinado o contrato con Ferrovial. Hai varias opcións que aínda non están pechadas.

**Sr. Soliño Soliño:** pregunta como vai o tema do local de ensaio en Cimadevila.

**Sr. Alcalde:** explica que está aprobado en Xunta de Goberno Local o pintado da liña amarela e se vai actuar alí.

**Sr. Iglesias Santos:** hai queixas dos veciños que viven pegados a escola infantil da Choupana, piden reparación de luces e desbroce na zona.

**Sr. Alcalde:** di que queda informado e tomarán medidas.

**Sr. Soliño Costas:** na rúa Mestre Carballo as chapas co nome da rúa foron renovadas e prerecen lápidas. Quen tivo a idea?

**Sr. Alcalde:** resposta que o averiguarán.

**Sr. Sotelo Villar:** pide que por parte do servizo dos electricistas se retire a pancarta que hai sobre un concerto na fachada do concello.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión do que eu, como secretaria, dou fe.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

---

**Concello de Cangas**

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850